

## ACTA DA ASAMBLEA XERAL

Mediante vía telemática, sendo ás 21:30 horas do **xoves 24 de outubro de 2024**, reúnese a Asamblea Xeral da Federación Galega de Orientación (Fegado) en sesión extraordinaria, de acordo coa orde do día previamente establecida e comunicado, quedando debidamente constituída coa presenza de 11 dos seus 33 membros, todos eles representados en tempo e forma:

### 1.- POLO ESTAMENTO DE CLUBS (7 de 22):

	Presente	Ausente
Vizhoja-Cornelios (As Neves)		X
CDM Xesteiras (Pontevedra)		X
Club Orientación Compás (Lugo) > Francisco Varela Lorenzo	X	
A.D.C. Arnela (Porto do Son)		X
Gallaecia Raid (A Coruña) > Claudia Oreiro Chapela	X	
S.M. Ártabros (A Coruña) > Alfonso Mancera Bello	X	
Fluvial de Lugo (Lugo)		X
Peña Trevinca-Barco (O Barco de Valdeorras) > Pablo Aller Estévez	X	
A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño)		X
Aromón Pontevedra (Pontevedra) > Javier Alvelo Fraguela	X	
Universidade de Vigo (Vigo) > Vicente Pastoriza Santos	X	
VigoOrienta (Vigo) > Candela Puime López	X	
A.D.C Monte Breamo (Pontedeume)		X
Brigantia Aventura (A Coruña)		X
Club de Orientación Coruña (A Coruña)		X
Club Montaña Ferrol (Ferrol)		X
Club O Pasatempo (Betanzos)		X
Club Orientación Liceo de A Coruña (A Coruña)		X

Club SEO (Ordes)		X
Club USC (Santiago de Compostela)		X
Club Vichelas (Guitiriz)		X
A.D. Limioactiva (Xinzo de Limia)		X

## 2.- POLO ESTAMENTO DE ORIENTADORES (2 de 7):

	Presente	Ausente
Lucía Parga Basanta		X
Borja Varela Paz		X
Laura Garrido Martínez	X	
Enrique Luis Álvarez Estévez	X	
Yolanda García González		X
David Lareo Martínez		X
Victoria López Permuy		X

## 3.- POLO ESTAMENTO DE TÉCNICOS/ADESTRADORES (2 de 2):

	Presente	Ausente
Ángel Álvarez Serto	X	
Teresa Bellón Santos	X	

## 4.- POLO ESTAMENTO DE XUÍCES/CONTROLADORES (0 de 2):

	Presente	Ausente
Pablo A. Aller Estévez		X
Candela Puime López (asiste como Club)		X

5.- EN REPRESENTACIÓN DA PRESIDENCIA DE FEGADO: A presidenta Sonia Gómez Naya.

Tamén asisten con voz pero sen voto Xan Trigo Recarey e Pelayo García.

Actúa como secretaria accidental Claudia Oreiro Chapela (vicepresidenta) debido á ausencia xustificada do secretario da FEGADO (Roberto Amarelle Garabán).

## ORDE DO DÍA

### 1º.- Aprobación, se procede, dos manuais de CPOs.

Toma a palabra a Vicepresidenta para facer explicación do motivo da Xunta da Asamblea Extraordinaria e presentar a Xan para que introduza os manuais CPOs e o motivo da aprobación ou non do manual.

Xan explica o motivo polo que empezou fai 3 anos a elaborar este manual. Revisou o manual COPs FEDO e quería non facer un nin mellor, nin peor, senón unha aportación e un novo punto de vista do que é o seu traballo e o desenvolvemento e evolución dos CPOs.

Cando rematou a súa realización coa axuda de Pablo Aller estableceu contacto con FEGADO para que a Xunta directiva ratificara este manual. A Xunta directiva así o fixo e no 1º semestre do ano aprobouse provisionalmente o manual para que este se puidese comezar a publicar e dar a coñecer.

O seguinte paso foi publicar o manual en FEGADO para a súa difusión a través de formato pdf e que clubs e particulares puidesen revisalo e poñelo en uso.

Polo tanto, o ultimo paso que queda sería aprobar ou non este manual de forma definitiva para que se poida facer o seguinte avance na comunicación e publicación deste manual para o ámbito público e privado.

Se se realiza a aprobación, comezará un proceso de contacto con organismos públicos, centros de INEF, ... para facer presentacións formais e tamén se preparará unha formación de cara ao 2024 para homologar a formación de técnicos CPOs.

Unha vez posto esto en coñecemento ábrese ronda de preguntas antes de pasar á votación.

Javier Alvelo fai mención á diferenza entre manual FEDO e manual FEGADO. Ábrese debate sobre este manual que ten diferencias co de FEDO pero que se considera que o da FEGADO está mellorado e é mais completo. A liña parece que será que cada comunidade irá realizando os seus propios manuais se é que se quere seguir na liña de mellora destes circuitos xa que non hai comunicación con FEDO.

Finalizada a exposición procédese á votación sendo aprobada por unanimidade.

Para rematar, agrádese o traballo de Xan Trigo, de Javier Alvelo como presidente anterior da FEGADO e de Sonia Gómez como presidenta actual da FEGADO.

E sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión da Asamblea Xeral Extraordinaria, co agradecemento da Vicepresidenta a todos e todas os/as presentes, sendo as 22:15 horas do mesmo día 25 de outubro de 2024.

A secretario accidental da Federación  
Claudia Oreiro Chapela

VºBº A Vicepresidenta  
Sonia Gómez Naya

*Firmado por 34898059K SONIA GOMEZ (R: G70381603),  
el día 27/10/2024,  
con un certificado emitido por AC Representación*